



BANDO

Francisco Charlín Oróns, alcalde do Concello de LAXE (A Coruña)

FAGO SABER:

QUE POR IMPERATIVO DO DISPOSTO NA LEI 3/2007, DE 9 DE ABRIL, DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DE GALICIA, SE RECORDA A OBRIGA DE MANTER AS FINCAS LIMPAS ANTES DO 31 DE MAIO.

En solo rústico:

1.- A obriga, por parte dos propietarios da xestión (limpeza) e retirada de árbores (piñeiros, eucaliptos, etc...) nunha franxa de 50 metros, así como 15 metros para especies do Anexo I (carballos, castiñeiros, etc...):

-Do límite de solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable.

-Arredor de edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolineras e parques e instalacións industriais a menos de 400 metros do monte ou de edificación illadas en solo rústico a máis de 400 metros do monte.

2.- A obriga, por parte dos propietarios da xestión (limpeza) e retirada de árbores (piñeiros, eucaliptos, etc...) nunha franxa de 2 metros así como 10 metros para especies do Anexo I (carballos, castiñeiros, etc...):

-Camiños

En solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable:

- A obriga, por parte dos propietarios da roza no caso de existencia de matogueiras.

- A obriga, por parte dos propietarios da poda e rareo do estrato arbóreo, impedindo a continuidade horizontal e vertical da vexetación.

A Xestión da Biomasa deberá realizarse antes do **31 de maio**.

De non cumprir coa normativa establecida, este concello verase na obriga de actuar incoando o correspondente **EXPEDIENTE SANCIONADOR** e, **no seu caso, poderá proceder á EXECUCIÓN SUBSIDIARIA** dos traballos de xestión da biomasa, **repercutindo os custos nas persoas propietarias das fincas.**

Laxe, na data sinalada ao marxe.

O alcalde, Francisco Charlín Oróns

(documento asinado dixitalmente)